



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coas Consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Acibal (concellos de Moraña e Barro, Pontevedra), promovido por Norvento SL, clave 2011/0013,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento ambiental*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar ós hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea 7110 *Arnicetum atlanticae* e 4020 *Carici binervis-Ericetum ciliaris*.
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*" e coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007), e no Anexo I da Directiva Aves, o proxecto podería afectar a 13 especies de vertebrados catalogadas e con presenza probable ou segura na zona (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Pernis apivorus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Rhinolophus hipposideros*, *Arvicola sapidus*, *Mustela putorius*, *Felix sylvestris*).
3. Que no "*Documento ambiental*" non se tiveron en conta as posibles afeccións a anfibios, réptiles e mamíferos non quirópteros.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Acibal (concellos de Moraña e Barro, Pontevedra), promovido por Norvento SL, clave 2011/0013 sexa sometido a Estudio de Impacto Ambiental e que se recabe ó promotor que o EIA:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre os hábitats 7110 *Arnicetum atlanticae* e 4020 *Carici binervis-Ericetum ciliaris* e estudie alternativas para evitalos.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. Anfibios e mamíferos non voadores: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Pernis apivorus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.

3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de marzo de 2011